

PROTOCOLO SANITARIO PARA O PERSOAL DE BIBLIOTECA

- O uso da máscara é obrigatorio todo o tempo.
- Limpa as mans ao entrar e ao saír.
- Limpa o teu posto, (mesa, cadeira, monitor, teclado, rato, teléfono...) cun pano e solución desinfectante antes e despois do seu uso.
- Usa o teu propio material de oficina. Nos caixóns hai material de “emerxencia” por se fai falta excepcionalmente. Pon o material que usas na bandexa de plástico e desinfectao ao rematar a garda.
- @s usuari@s devolverán o material emprestado na caixa habilitada dentro da biblioteca (terá un cartel indicando o día da semana) ou no buzón do corredor. O persoal comprobará o buzón e poñerá o material que atope na caixa do interior da biblioteca. Alí permanecerá en corentena. En xeral, as devolucións en MEIGA faranse o día seguinte pola mañá así como a súa ordenación nos andeis. Se un@ usuari@ necesita facer a devolución para poder levar outra cousa, faráselle a devolución en MEIGA pero o material devolto permanecerá na caixa de devolucións ata o día seguinte.
- É fundamental ventilar. Durante a garda, as fiestras deberán estar abertas todo tempo mentres sexa posible (segundo a temperatura, o ruído, a realización de actividades...). Abre dúas ventás opostas (por ex. a de detrás do posto do persoal de biblioteca e a que está ao lado da mesa branca). Deixa tamén a porta aberta. Pecha todo ao rematar.
- O aforo máximo da biblioteca é de 15 persoas. Procurarase respectar esa cifra promovendo actividades en liña ou mixtas. No caso excepcional dunha actividade concreta que supere o aforo, haberá que respectar a distancia de seguridade (1,5 m) entre @s participantes e pecharase a biblioteca ao público (non haberá empréstitos/devolucións, @s usuari@s que queiran estudar/ler trasladaranse á sala de lectura do 2º andar).
- @s usuari@s sentaranse nos postos sinalizados. Para a realización dunha actividade, poderase mover o mobiliario garantindo sempre o distanciamento mínimo de 1,5 m.